

A close-up photograph of a branch with several bright yellow flowers and buds. The flowers are in various stages of bloom, with some fully open and others as buds. The background is a clear, bright blue sky. The overall lighting is bright and natural, suggesting a sunny day.

**MEMORIA
ANUAL
*2025***



Un ano reafirmando a nosa referencia en atención

Este ano marcou un punto de inflexión para Lembranzas, caracterizado por un notable crecemento e unha transformación progresiva no noso modelo de atención. Ao longo deste período reforzamos a nosa aposta coa incorporación de novas prácticas, fortalecendo unha atención personalizada, sustentada na profesionalidade e no traballo en equipo.

Os progresos acadados permítennos reafirmarnos como un centro de referencia e de calidade na comarca, consolidando unha forma de traballar baseada no coidado integral, no respecto, na proximidade e na procura constante da excelencia. O compromiso diario e a responsabilidade marcan a nosa forma de traballar. Continuamos avanzando con paso firme cara ao futuro.



Sobre nós

Cambados e Vilagarcía de Arousa





A nosa ubicación



Cambados

986 521 098 / 678 481 719

Rúa Sanxenxo nº8, 36634 Cambados

Lunes a viernes de 8.00 a 20.00

RUEPSS E-5935-C1

Vilagarcía de Arousa

986 189 102 / 604 098 991

Rúa Concha nº4, 36600 Vilagarcía de
Arousa


Lunes a viernes de 8.00 a 20.00

RUEPSS E-5935-C2



centrodedia@lembranzas.es

A nosa historia



Cambados 2014

Vilagarcía 2019

En que se basan os nosos centros?

O Centro de Día Lembranzas é unha iniciativa privada con ánimo de lucro de atención diurna que ten como fin promover e manter un adecuado estado de *saúde, benestar e calidade de vida das persoas maiores* con distintos graos de dependencia física ou psíquica, limitacións no desempeño de actividades diarias e persoas independentes.

Propósito

Establecer un entorno seguro e *adaptado* ás necesidades do envellecemento, no que as persoas maiores poidan levar a cabo os seus proxectos de vida mediante unha *estimulación integral*, sempre acompañados por *profesionais* para previr o deterioro e illamento social, á vez que se favorece a autoestima e a autonomía.

Evolución

No ano *2025*, avanzamos na *modernización* do centro, incorporando *novas metodoloxías* e *ferramentas* que reforzan a calidade da atención e a personalización das intervencións.




Que ofrecemos?




Espazo adaptado e acolledor



Equipo profesional cualificado e motivado



Estimulación integral e atención personalizada



Apoio e asistencia ás familias



Modelo de atención

✓ **Atención centrada na persoa**

Actividades significativas
Plan de atención individualizado (PAI)

✓ **Rehabilitación e terapias**

Terapia Ocupacional
Terapia Cognitiva de distintos tipos

✓ **Asesoramento familiar**

Apoio psicolóxico
Información e orientación

✓ **Experiencia no sector**

Adaptación ás necesidades
Satisfacción relacional



"Porque disfrutar da vida, non é unha cuestión de idade"



Os nosos valores




Empatía:

Comprendemos e apoiamos a cada usuario/a emocionalmente, facendo que se sintan valorados.




Respecto:

Tratamos a todas as persoas con dignidade, recoñecendo a súa autonomía e historia.



Profesionalismo:

O equipo está composto por profesionais cualificados, comprometidos co coidado e atención de calidade.



Confianza:

Construímos relacións de confianza con usuarios/as e familias, baseadas na transparencia e no respecto.



Personalización:

Ofrecemos solucións flexibles que se axusten á evolución das necesidades de cada usuario/a.



Beneficios

Nivel individual:

- ✓ Mellora a calidade de vida.
- ✓ Potencia a independencia e autonomía persoal.
- ✓ Promove a saúde e prevén a enfermidade.
- ✓ Ralentiza o deterioro cognitivo e/ou físico.
- ✓ Fomenta a interacción e integración social.

Nivel familiar:

- ✓ Favorece a conciliación persoal, laboral e familiar.
- ✓ Axuda a previr o síndrome de esgotamento do coidador/a
- ✓ Ofrece apoio emocional e orientación ás familias.
- ✓ Facilita o acceso a recursos e servizos especializados.
- ✓ Incrementa o acompañamento no proceso de envellecemento.



Alcance e resultados



Análisis ano 2025

Fortaleza

En 2025, a nosa principal fortaleza foi a capacidade de adaptación constante ás distintas realidades das persoas usuarias, nun contexto marcado pola renovación continua e unha menor estabilidade no número de usuarios/as. Esta flexibilidade permitiunos axustar as intervencións de maneira individualizada, garantindo a calidade da atención e reforzando a confianza das familias no servizo.

Oportunidade

A diversidade de perfís e necesidades das persoas usuarias supuxo unha oportunidade para revisar e mellorar o noso modelo de atención. A introdución de novos métodos de medición obxectiva, como a avaliación da forza mediante dinamometría, permitiunos avanzar cara a intervencións máis precisas, fundamentadas e adaptadas á realidade funcional de cada persoa.

Renovación

Ao longo de 2025 levouse a cabo unha renovación progresiva da documentación dirixida a persoas usuarias e familias, co obxectivo de facela máis clara, accesible e comprensible. A actualización da entrevista inicial e doutros documentos de referencia mellorou a comunicación, facilitou a participación das familias e reforzou a transparencia do proceso de atención.

Transformación


En 2025 destacamos pola consolidación dun enfoque sostible, promovendo a reutilización de materiais en actividades e recursos terapéuticos. Continuamos reafirmándonos na atención respectuosa á diversidade e no compromiso co enfoque de igualdade de xénero, garantindo unha intervención centrada na persoa e de calidade. Estes avances permitíronnos fortalecer a relación coas persoas usuarias e as súas familias, mantendo sempre a mirada posta na innovación e a mellora continua.



Metas acadadas no 2025



Reforzouse a **coordinación interdisciplinar** do equipo, optimizando a calidade da atención prestada.



Melloráronse as instalacións, orientando a estética e os espazos cara a un **modelo housing**, máis acolledor e funcional.



Amplíouse e diversificouse a programación de **actividades terapéuticas**, cognitivas e sociais.



Consolidouse a **implicación das familias** no proceso asistencial, favorecendo unha atención máis integral e coordinada.

Un espazo renovado, máis próximo ao fogar

Ambientes seguros e adaptados ao modelo
Housing que promoven independencia,
interacción e benestar integral.

Vilagarcía de Arousa




Cambados



Innovación como marca persoal


Deseñamos e elaboramos os nosos **proprios recursos** de ximnasia terapéutica e materiais de apoio. Grazas ao traballo da nosa **Terapeuta Ocupacional** e o equipo técnico, optimizamos a atención aos usuarios e o apoio especializado ás familias.




Programa de Ejercicio Físico Básico



Catálogo de Productos de Apoio



+Innovación e apertura ao mundo



En 2025 fomentamos a innovación bilingüe conectando o centro co mundo por videochamadas. Logramos transformar a tecnoloxía nunha potente ferramenta de neuroplasticidade, superando a fenda dixital e unindo a sabedoría dos nosos maiores coa mocidade global sen fronteiras.



Superación da Fenda Dixital



Intercambio Lingüístico



Culturización compartida

O equipo interprofesional



Equipo profesional interdisciplinar



Educadora Social



Terapeuta Ocupacional



Directora
Educadora Social



Directora
Psicóloga



Animadora Sociocultural



Auxiliar de enfermería



Educadora Social



Integradora Social



Técnica de dependencia



Técnica de dependencia



Técnica de dependencia



Auxiliar de enfermería



Auxiliar de enfermería

"Comprender ás persoas é o primeiro paso para coidalas mellor"

DAMOS SENTIDO A CADA ETAPA DA VIDA...

Mediante a **PSICOLOXÍA** → Promóvese a saúde emocional, estímase a función cognitiva e acompáñase ás persoas no seu proceso vital,
←

QUEN É?



Estefanía

QUE FAI?

Algunha das nosas funcións principais no centro:



Estimulación cognitiva e emocional



Intervención psicolóxica individual e grupal



Acompañamento emocional






Elaboración de informes psicolóxico

● Coordinación da actuación profesional da súa área

● Atención directa

● Apoio ás familias

As nosas tarefas



"Creamos lazos, impulsamos vidas e transformamos realidades a través da convivencia e do benestar compartido."

DAMOS SENTIDO A CADA ETAPA DA VIDA...

Mediante a **EDUCACIÓN E INTEGRACIÓN SOCIAL**



Melloramos a calidade de vida e benestar das persoas, promovendo a inclusión e os vínculos significativos

QUENES SOMOS?



Carolina



Fabiana



Andrea



Carla

QUE FACEMOS?

Algunha das nosas funcións principais no centro:



Acompañamento social e persoal



Fomento da autoxestión e capacidade de decisión



Apoio emocional e mantemento físico e psicolóxico




Recuperación do vínculo usuario/entorno

● Coordinación da actuación profesional

● Atención directa

● Promoción de ferramentas

As nosas tarefas



"Enriquecemos a vida cuidando con corazón, atención e compromiso."

DAMOS SENTIDO A CADA ETAPA DA VIDA...

Mediante a

**TERAPIA
OCUPACIONAL**



Axuda ás persoas a manter a súa autonomía e calidade de vida a través de actividades significativas adaptadas as súas capacidades

QUEN É?



Andrea

QUE FAI?

Algunha das súas funcións principais no centro:



Diseño do plan de intervención individual



Manter e mellorar a autonomía nas actividades da vida diaria



Estimulación cognitiva e funcional



Adaptación do entorno e uso de axudas técnicas

● Valoración funcional

● Atención directa

● Traballo interdisciplinar

As súas tarefas



"Coidamos e brindamos apoio, respecto e calidez para unha vida con dignidade"

DAMOS SENTIDO A CADA ETAPA DA VIDA...

Mediante a

TAPSD



Fomentase a autonomía, previmos o deterioro e melloramos o benestar das persoas, garantindo maior calidade de vida no seu día a día.

QUENES SOMOS?



Jennifer



Andrea



Marta

QUE FACEMOS?

Algunha das nosas funcións principais no centro:



Estimulación diaria



Acompañamento e apoio



Potenciación da independencia





Seguridade e benestar

Coordinación da actuación profesional da súa área

Atención directa

Acompañar no día a día

As nosas tarefas



"Enriquecemos a vida cuidando con corazón, atención e compromiso."

DAMOS SENTIDO A CADA ETAPA DA VIDA...

Mediante a

TCAE



Os nosos centros garanten a saúde, seguridade e benestar das persoas usuarias mediante a prevención e atención personalizada.

QUENES SOMOS?



Carlota



Andrea



Raquel

QUE FACEMOS?

Algunha das nosas funcións principais no centro:



Aplicar cuidados preventivos e integrais

● Coordinación da actuación profesional da súa área



Apoio nas actividades básicas da vida diaria

● Atención directa



Aplicar medidas de prevención e seguridade

● Rexistro de incidencias



Velar polo cumprimento dos tratamentos

As nosas tarefas



"Animamos, inspiramos e transformamos cada momento en algo especial."

DAMOS SENTIDO A CADA ETAPA DA VIDA...

Mediante a

TASOC



Esperta ilusións, fomenta a convivencia e enche cada día de novas experiencias.

QUEN É?



Tania

QUE FACEMOS?

Algunha das nosas funcións principais no centro:



Fomenta a interacción social

Coordinación da actuación profesional da súa área



Crea espazos de expresión

Atención directa




Estimulación da creatividade

Dinamización do entorno

As nosas tarefas




Actividades recreativas



Servizos terapéuticos





Eixes da Intervención Terapéutica



ADESTRAMENTO FÍSICO

Mellora da mobilidade e equilibrio mediante exercicio terapéutico adaptado

TERAPIAS COGNITIVAS

Mantemento das capacidades intelectuais para favorecer a reserva cognitiva



TERAPIAS PSICOAFECTIVAS

Dinámicas que reforzan a autoestima e a xestión emocional personalizada





TERAPIAS SOCIALIZADORAS

Actividades grupais e proxectos de innovación para combater a soidade





Sentirse coma na casa

Promoción dunha contorna convivencial baseado en actividades significativas, soporte emocional e estimulación sensorial.

O valor do cotiá	Resumo da actividade
 Relax e calma	Momentos de convivencia (lectura, charlas, café) que sosteñen o benestar físico e emocional .
 Colaboración activa	Tarefas da vida cotiá integradas como método de prevención do deterioro .
 Refuxio emocional	Reminiscencia visual con fotos e películas para conectar con lembranzas e emocións .
 Aire e movemento	Paseos terapéuticos e actividades ao aire libre como método de renovación e conexión .

"O importante non é o que facemos, senón con quen o compartimos"




Momentos de encontro e celebración

Deseño de contornas de socialización e participación para o reforzo de vínculos afectivos e a preservación da **identidade cultural**.


O que celebramos	Resumo da actividade
 Festas que unen	Encontros festivos (Nadal, Entroido, Samaín) para fortalecer vínculos e crear lembranzas .
 Detalles e recordos	Talleres temáticos e decoracións, tamén sobremesas que motivan a expresión persoal e a alegría.
 Ritmo e vida	Actividades lúdicas de música e movemento que xeran momentos especiais .
 Sorrisos con pegada	Xogos de participación que enchen o día de motivación e compañía .

"Espazos onde a cultura, a diversión e a compañía manteñen vivas as tradicións"



Aniversarios que nos unen








Cumplir anos é sumar historias, e estas fotos gardan as mellores.

Porque cada aniversario merece ser lembrado, e máis cando se celebra xuntos.

Acompañamento terapéutico integral

Intervención terapéutica integral basada no respecto aos ritmos individuais e a potenciación de capacidades funcionais.

Áreas de traballo	O noso enfoque
 Independencia diaria	Capacitación nas AVD con apoios físicos e verbais para gañar autonomía e seguridade.
 Mente en forma	Estimulación cognitiva (memoria, cálculo, linguaxe, atención, praxias...) para manter o cerebro activo de maneira grupal e individual.
 Benestar emocional	Terapias psicoafectivas, reminiscencia e vínculos sociais para fortalecer a autoestima e a unión.
 Ilusión por participar	Participación activa en actividades que reforzan o sentido de logro e a motivación.

"Un acompañamento que respecta ritmos, potencia capacidades e xera confianza"



Aprender cos cinco sentidos




Moverse para sentirse ben

Programas de psicomotricidade funcional dirixidos á mellora da **condición física**, a **prevención de caídas** e o fomento da **autonomía motora**.

	Enerxía e saúde	Resumo da actividade
✓	Corpos en acción	Rehabilitación física adaptada para mellorar a mobilidade, equilibrio e forza individual.
✓	Ximnasia que conecta	Xerontoximnasia grupal de mantemento para fortalecer o corpo e o benestar diario .
✓	Circuitos e retos	Propostas lúdicas que combinan coordinación e resistencia con diversión e participación .
✓	Relaxación activa	Estiramientos suaves para promover a flexibilidade e a prevención de lesións corporais.

"Pequenos movementos que gardan grandes beneficios."



Interxeracionalidade en acción

Desenvolvemento de programas interxeracionais de dinamización comunitaria para o fomento da **empatía**, o **intercambio de valores** e a **cohesión social**.



	O valor de compartir	Resumo da actividade
✓	Risas que unen	Espazos de convivencia e xogo con centros educativos e entidades (Garabatos, IES Cabanillas, CEIP Torre-Illa...).
✓	Historias compartidas	Intercambio de experiencias e valores que enriquecen a vida diaria de todas as xeracións.
✓	Proxectos que conectan	Obradoiros culturais e actividades lúdicas que fomentan o sentido de comunidade e empatía .
✓	Aprender e ensinar	Encontros significativos onde cada persoa aporta o seu coñecemento, ilusión e compañía .

"O valor de compartir máis alá da idade con vínculos que enriquecen a vida"




Sentirse parte de algo grande

Fomento da **interacción social** mediante estratexias de dinamización grupal e participación en proxectos colectivos.

Vida en comunidade	Resumo da actividade
 Charla e compañía	Espazos de tertulia e encontros que fortalecen os lazos sociais e emocionais .
 Aprender en grupo	Talleres culturais e proxectos colectivos que enriquecen o día a día e a aprendizaxe compartida .
 Eventos especiais	Actividades extraordinarias e encontros culturais que crean memoria, identidade e cohesión .
 Facemos comunidade	Dinámicas de grupo que fomentan a amizade, a interacción e o sentido de pertenza .

"Cada experiencia cultural enriquece o presente e a memoria"






Mans á obra, corazón contento

Estimulación funcional a través da **arteterapia** e a ocupación significativa para o mantemento de habilidades psicomotrices e o reforzo da identidade.

	O pracer de crear	Resumo da actividade
✓	Creatividade diaria	Obradoiros de expresión (pintura, debuxo e manualidades) que combinan diversión e estimulación sensorial .
✓	Aprender facendo	Tarefas prácticas que requiren concentración para o desenvolvemento de habilidades cognitivas .
✓	Orgullo e logro	Proxectos finalizados que reforzan directamente a autoestima e a satisfacción persoal.
✓	Compañía creativa	Espazos compartidos onde a creación artística fomenta a socialización e colaboración .

"Transformando ideas en cor e movemento, para dar vida á creatividade"



Sempre ao voso carón

Xestión do benestar individual mediante o seguimento personalizado, a **escoita activa** e a **coordinación** coas familias.

	O noso compromiso	Resumo da actividade
✓	Atención próxima	Seguimento individualizado para adaptar o apoio ás necesidades e desexos de cada persoa.
✓	Escoita activa	Momentos de titoría e charla que nos permiten entender como se sente cada un de verdade.
✓	Ponte coa familia	Comunicación fluída coas familias para compartir avances, alegrías e coordinar o mellor coidado.
✓	Proxecto de vida	Planificación centrada na persoa para que cada un siga sendo o protagonista da súa propia historia.

"Mais que coidados, compartimos camiños: onde a profesionalidade dá a man ao corazón"



Anuario de actividades especiais



2 de xaneiro



Visita ao Belén de Valga

Remate do Nadal visitando o Belén máis grande da zona.

9 de xaneiro



Teatro Casa dos Ladrillos

Obra teatral de carácter cómico que nos fixo rir a tod@s.

21 de xaneiro



Día Internacional do abrazo

Celebramos a importancia dun xesto sinxelo pero poderoso!

30 de xaneiro



Día Internacional do Croissant

A ocasión perfecta para gozar deste delicioso manxar e endulzar o corazón.

31 de xaneiro



Día da Paz

Visita ao @ceiptorre da Illa de Arousa para facer unha repartición simbólica de PAZ.


13 de febreiro



Día dos amigos de internet

Intercambio Vilagarcía - Cambados para que a nosa amizade transpase a pantalla.

14 de febreiro



Día de San Valentín

Celebramos o amor entre xeracións colaborando co @ceipcorvilon e @garabatos

21 de febreiro



Entroido

Disfraz de temática espacial. Viaxamos ata o espazo e o máis alá.

28 de febreiro



X Concurso de Entroido

Gañamos a premio ao mellor disfraz cunha parodia de Got Talent.

5 de marzo



Comparsa Os Golfiños

Pechamos o Entroido por todo o alto con música e tradición.

8 de marzo



Día da Muller Traballadora

Homenaxeamos a todas as mulleres que forman parte de Lembranzas.

19 de marzo



Día do Pai

Os fill@s agasallaron palabras, sentimentos e recordos inesquecibles.

20 de marzo



Taller de cookies de chocolate

Mirade as nosas caras de satisfacción polo traballo ben feito, que bo estaba!

21 de marzo



Día Mundial da Síndrome de Down

Sumámonos á iniciativa de levar calcetíns desparellado.

28 de marzo



Taller de hixiene bucodental

Recibimos no centro a Mónica e Laura, hixienista e dentista da Clínica Dental Carril.

2 de abril



Día da Concienciación do Autismo

Data para romper barreiras e promover a inclusión

9 de abril



Teatro Casa do Ladrillo

Voltamos a disfrutar das risas, e a emoción con eles.

16 de abril



Visita dun artista comarcal

Recibimos a Platis quen nos amosou as súas caricaturas cheas de humor.

18 de abril



Misa de Semana Santa

Visita do cura Don David que veu bendicir o noso olivo como símbolo de paz e esperanza.

25 de abril



Podcast "O Xardín da Memoria"

Colaboramos xunto o @iescabanillas, sendo nominados aos Premios José Hermida

30 de abril



Maios coa Escola Garabatos

Damos a benvida á primavera creando xunt@s os Maíos.

2 de maio



Día internacional da Danza

Recibimos a visita das nenas de Lendaria, que nos agasallaron cun espectáculo de baile de Ballet.

5 de maio



Día da Nai

Hoxe celebramos o amor máis puro e incondicional con vídeos enviados polos fill@s.

8 de maio



Feria de Abril

Bailamos, cantamos e deixámonos levar pola alegría do sur.

9 de maio



Taller de Buñuelos de Vento

Cociñamos unhs ricos doces tradicionais da época en Andalucía.

15 de maio



Día da Familia

Elaboramos unha maceta coas nosas pegadas plasmando a nosas unión familiar.

16 de maio



6º Aniversario Vilagarcía

Festa de celebración con espectáculos para amenizar a tarde.

16 de maio



Miguel Coro Virxe de Renda

Cancions tradicionais de celebración para bailar e cantar.

21 de maio



Día da Repostería

Torta de iogur grego caseira! Achega calcio perfecta para manter os ósos fortes.

5 de xuño



Contos sensoriais

Inspirados na natureza e poder evocar lembranzas a través dos sentidos

10 de xuño



11º Aniversario Cambados

Organizamos un divertido photocall con temática hawaiana.

10 de xuño



Rítmica Grand Jeté

De canto talento e enerxía podemos disfrutar!

10 de xuño



Coral O Castro

Arde inesquecible chea de música, baile e emoción.

11 de xuño



Visita ao CEIP Torre Illa

Despedímonos do proxecto "Tradición en Arousa".

12 de xuño



Teatro Candelas

Coa súa obra "Xuizo de Garda". Pasamos unha tarde espectacular.

17 de xuño



Concurso de Montadiños

Houbo de todo: ovo con pementón, maonesa con atún, membrillo con queixo..

10 de xuño



Visita das @Filipenses

Festa de fin de curso e chegada de verán cos nen@ de 4º.

19 de xuño



Día do Corpus Christi

Elaboramos dúas maravillosas alfombras de flores, cheas de detalles e moita personalidade.

23 de xuño



Día do Corpus Christi

Música de sempre, boleros e pasodobles que nos tocaron o corazón.

17 de xuño



San Xoán

Auga de San Xoán coas súas 7 herbas máxicas: romeu, fiúncho, loureiro, herbaluisa...

25 de xuño



Día do Maquillador/a

Organizamos unha actividade dedicada ao autocoidado cunha charla moi didáctica.

27 de xuño



Festival do Verán

Escapada á Casa do Ladrillo onde gozamos coa música da coral Rosalía de Castro.

3 de xullo



Día Internacional da Froita

Este mes apostamos pola frescura e a sinxeleza con xeads de froita variada.

11 de xullo



San Benito en Cambados

Festexamos ao noso patrón e indo á Igrexa de San Benito como manda a tradición!

18 de xullo



Exposición Introspección

Un encontro coa arte que nos fixo reflexionar, emocionarnos e aprender algo novo!

21 de xullo



Visita de Thor e Nona

Os cans das nosas compañeiras Carlota e Carla pasaron un rato da mañá con nós.

23 de xullo



Día Internacional do Cerebro

Exploramos o fascinante mundo da mente e o seu envellecemento dun xeito moi divertido!

25 de xullo



Día de Galicia

Un día para honrar á nosa terra, as tradicións, e historia que fan de Galicia.

1 de agosto



Festa de Albariño

Un día para gozar, brindar e celebrar a nosa terra e o mellor viño.

8 de agosto



Visita das @gharbosas

Coas súa música crearon un verdadeiro himno á forza e á emoción da música galega.

13 de agosto



Día da Xuventude

Unha tarde no chiringuito da Telleira entre refrescos, patacas e moito bo rollo.

15 de agosto



Festa da Auga

Celebrámola xunto a @ozoaventura, facendo xogos de auga co campamento.

19 de agosto



Día da Fotografía

Viaxamos no tempo recreando fotos icónicas que marcaron a historia.

22 de agosto



Clown Ssics

Espectáculo cómico-musical que mestura diversión e paixón... e que pasada!

25 de agosto



Protectora de Vilagracia

A recollida de alimentos foi un éxito rotundo! Grazas pola visita rabino e Luanna.

13 de setembro



Visita de @andreushispavon

Sorprendenunos co seu don: o crochet.

17 de setembro



Olimpiadas Intercentros

O espírito deportivo e a boa onda dominaron a na Praia da Concha!

19 de setembro



Día do Aperitivo

Celebramos o día dun xeito delicioso: facendo bocadinhos de bacon

9 de outubro



Día do Correo

Decidimos recuperar a maxia das cartas manuscritas escribiendo mensaxes especiais.

10 de outubro



Día da Saúde Mental

Xornada de portas abertas de @larprosaludmental, un espazo de sensibilización e e empatía.

15 de outubro



Día do Doce de Leite

Fixemos alfajores arxentinos recheos de doce de leite.

21 de outubro



Taller de Lingua de Signos

Gela e Álvaro visitáronnos onte para compartir a súa historia.

24 de outubro



Visita de GAES

Homenaxeamos a todas as mulleres que forman parte de Lembranzas.

1 de novembro



Samaín

Fixemos as nosas propias lamparillas para honrar aos que xa non están.

2 de novembro



Día de Difuntos

Fomos ao cemiterio a levar uns ramiños de flores para honrar aos nosos.

5 de novembro



Día do Coidador/a

Preparamos un kit de emerxencia cunha infografía, un doce e un amuleto.

6 de novembro



Día Do Sandwich

Nada mellor que preparar versións para todos os gustos: clásicos, con ensaladilla...

14 de novembro



Visita de @corticataturismo

Día de aprendizaxe e conexión co noso entorno natural.

20 de novembro



Magosto

Festa chea de tradición e sabor no colexio @ceiprosalia_chea de Carril!

28 de novembro



Día da Mestra

Grazas a Nerea pola súa charla sobre a evolución das escolas.

2 de decembro



Día da Discapacidade

Reivindicamos a igualdade de oportunidades, a dignidade e o respecto para todas as persoas.

4 de decembro



Contaconto Sensorial

Actividade con marioneta de para dar comezo ao Nadal xunto con @garabatos.

11 de decembro



Aldea de Nadal de Vilanova

Aproveitamos para facer unha quedada e xuntarnos cos compañeiros/as de Cambados.

16 de decembro



Ensaio de Panxoliñas

Preparamos un kit de emerxencia cunha infografía, un doce e un amuleto.

18 de novembro



Festa de Nadal en Vilagarcía

Bailamos sen parar, comemos moito turrón, cantamos a pleno pulmón!

18 de decembro



Pasarela de Modelos

Desfile cheo de ilusión da man de @elicondecarou e da nosa querida Xefa.

19 de decembro



Escola Bernardo del Río

Montaron a banda sonora do día con panxoliñas ao piano e á fruta!

23 de decembro



Festa de Nadal en Cambados

Comemos doces ata rebentar, e deixámonos levar polo espírito destas datas tan especiais.

26 de decembro



Contaconto Sensorial

Actividade con marioneta de para dar comezo ao Nadal xunto con @garabatos.

30 decembro



Día da Discapacidade

Continuamos coa tradición de tomar as uvas e os churros con chocolate na merenda.

Conclusión

O 2025 marcou un antes e un despois en Lembranzas coa implantación do modelo housing. Esta transformación permitiunos superar o concepto de centro asistencial para converter o noso espazo nun fogar máis humano, seguro e accesible, onde a contorna se adapta á persoa e non ao revés. Neste novo marco, cada recuncho foi redeseñado para favorecer a autonomía e o benestar emocional, garantindo un envellecemento activo nun ambiente de máxima calidade e calidez.

No plano técnico, profesionalizamos a atención mediante unha evolución profunda do noso PAI. A incorporación de novas escalas de medición máis precisas e unha coordinación interdisciplinar máis estreita entre as distintas áreas foron as claves do éxito. Esta cohesión interna foi fundamental para adaptarnos con resiliencia ás constantes fluctuacións no número de usuarios e aos escenarios de incerteza do ano, mantendo sempre a excelencia e a estabilidade na nosa intervención profesional.

Este progreso, guiado firmemente por un enfoque sostible e feminista, reflicte o noso compromiso cos valores de responsabilidade social e igualdade. Ao pechar esta memoria, agradecemos de corazón a confianza depositada polas familias e usuarios/as. Reafirmamos a nosa misión de seguir innovando e superando retos para garantir, cada día, a máxima dignidade e calidade de vida aos nosos maiores.

"O único modo de facer un gran traballo é amar o que fas"

2025


Lembranças